

Que Voltem para a casa denuncia vulneraçom dos direitos dos 4 galegos/as condenados na AN

QUE VOLTEM PARA A CASA :: 16/09/2013

[Gal/Cast]Que voltem para a casa! denuncia la vulneración de derechos de las cuatro personas juzgadas en la Audiencia Nacional y llama a secundar todos los actos de protesta

Galego

A Asociación de familiares e amigos e amigas dos presos e as presas galegas Que voltem para a casa!, ante a sentençia condenatoria ditada pola Audiencia Nacional contra catro cidadáns e cidadás galegas, quere manifestar que considera desproporcionada e abusiva esta sentençia, que abre a porta á criminalización dunha parte da sociedade galega.

Ademais, desde Que voltem para a casa! consideramos intolerábel que as catro persoas xulgadas tiveran que pasar mais de 21 meses en prisión preventiva antes da celebración do xuízo e a publicación da sentençia.

Vulnerouse neste proceso xudicial o dereito das catro persoas xulgadas a un xuízo xusto con todas as garantías recoñecidas pola lei. Como se puido comprobar ao longo das sesións do xuízo, neste cometéronse numerosas irregularidades, especialmente na presentación da proba pericial da defensa.

Asimesmo, denunciarnos que durante o período da prisión preventiva se cometeron innumerábeis violacións dos dereitos dos catro presos e presas galegas, sendo sometidos de maneira arbitraria, sistemática e subxectiva ao 1º grao penitenciario e máis do réxime FIES. Lembramos que se trata dun réxime ilegal que ampara a violencia continuada contra as persoas presas e a vulneración dos seus dereitos fundamentais: agresións físicas e verbais, humillacións ás familias, maltrato psicolóxico, arbitrariedades, privacións, illamento, desatención sanitaria, alimentación deficiente, mínimas posibilidades de formación e lecer, incomunicación, comunicacións intervidas e limitadas, visitas reducidas a 40 minutos a través dun cristal e un único vis a vis familiar de 2 horas ao mes.

Polo tanto, desde Que voltem para a casa! reclamamos o traslado de Maria, Antom, Eduardo e Roberto, e de todos os presos e presas galegas, a un centro penitenciario situado na Galiza, rematando deste xeito coa medida ilegal da dispersión e evitando o seu desarraigo social e cultural.

Insistimos tamén na demanda dunhas condicións de vida dignas e humanitarias dentro das prisións e que se respecten os dereitos fundamentais de Antom, Maria, Roberto e Eduardo e de todos os presos galegos.

Por último, facemos un chamamento a toda a sociedade galega para que se sume a todos os actos de protesta contra a política de dispersión e a situación penitenciaria dos presos e presas galegas.

Castellano Traducción LH Galiza

La asociación de familiares y amigos y amigas de los presos y las presas galegas Que voltem para a casa! ante la sentencia condenatoria dictada por la Audiencia Nacional contra cuatro ciudadanos y ciudadanas galegas, quiere manifestar que considera desproporcionada y abusiva esta sentencia, que abre la puerta a la criminalización de una parte de la sociedad galega.

Además, desde Que voltem para a casa! consideramos intolerable que las cuatro personas juzgadas tuvieran que pasar más de 21 meses en prisión preventiva antes de la celebración del juicio y la publicación de la sentencia.

Se vulneró en este proceso judicial el derecho de las cuatro personas juzgadas a un juicio justo con todas las garantías reconocidas por la ley. Como se pudo comprobar a lo largo de las sesiones del juicio, en este se cometieron irregularidades, especialmente en la presentación de la prueba pericial de la defensa.

Asimismo, denunciarnos que durante el período de prisión preventiva se cometieron innumerables violaciones de los derechos de cuatro presos y presas galegas, siendo sometidos de manera arbitraria, sistemática y subjetiva al primer grado penitenciario, además del régimen FIES. Recordamos que se trata de un régimen ilegal que ampara la violencia continuada contra las personas presas y la vulneración de sus derechos fundamentales: agresiones físicas, y verbales, humillaciones a las familias, maltrato psicológico, arbitrariedades, privaciones, aislamiento, desatención sanitaria, alimentación deficiente, mínimas posibilidades de formación y ocio, incomunicación, comunicaciones intervenidas y limitadas, visitas reducidas a 40 minutos a través de un cristas y un único vis a vis familiar de 2 horas al mes.

Por lo tanto, desde Que voltem para a casa! reclamamos el traslado de Maria, Antom, Eduardo y Roberto, y de todos los presos y presas galegas, a un centro penitenciario situado en Galiza, finalizando de este modo con la medida ilegal de la dispersión y evitando su desarraigo social y cultural.

Insistimos también en la demanda de unas condiciones de vida dignas y humanitarias dentro de las prisiones y que se respeten los derechos fundamentales de Antom, Maria, Roberto y Eduardo y de todos los presos galegos.

Por último, hacemos un llamamiento a toda la sociedad galega para que se sume a todos los actos de protesta contra la política de dispersión y de la situación penitenciaria de los presos y presas galegas.

<https://galiza.lahaine.org/que-voltem-para-a-casa-denuncia-vulnerac>